

O teu mar está conectado a todos os océanos



Coñece o mar para axudar a conservar os océanos



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA




para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA



**Deputación
DA CORUÑA**


É importante que coñezas como inflúe o océano no funcionamento do planeta, a diversidade de vida que alberga e a relación que os humanos temos co mar desde hai milenios.

Somos o que somos
grazas ao oceano



2. O océano ten unha grande influencia no clima e nas condicións atmosféricas.

A composite image showing various stages of the life cycle of a jellyfish. The top left shows a small, transparent larva. The top right shows a more developed larva with a prominent red internal structure. The bottom left shows a small, rounded medusa. The bottom right shows a large, mature medusa with a yellowish internal structure. The background is black, and the jellyfish are illuminated, showing their internal anatomy and external features like tentacles.



5. Con todo, o océano está inexplorado na súa maior parte.

6. Do mesmo xeito que en Galicia, a maior densidade de poboación do mundo aséntase preto das franxas costeiras.

8. O mar enfeitiza e ten un enorme peso na cultura galega.

9. O mar é tan vital para o noso país como o aire que respiramos.

Coñece o mar para axudar a conservar os océanos




O noso marabilloso planeta está formado por máis do 70 % de auga: mares, ríos, lagos, augas subterráneas, auga da atmosfera, auga dos seres vivos e as rochas...

Case o 97% da auga do planeta é auga de mar. A auga salgada dos mares e océanos cobre a superficie, dándolle a fermosa cor azul que se ve desde o espazo: todo un planeta Océano.

Planeta océano, a Terra feita de auga

O noso planeta ten un único e inmenso mar

Os distintos océanos separados polos continentes forman un único mar que funciona coma un todo.




As unións invisibles que fixeron posible a vida

No mar xurdiron os primeiros seres vivos e gran parte das formas actuais de vida que viven no planeta evolucionaron a partir de seres mariños.

A unión práctica permitiu o desenvolvemento da humanidade

Desde sempre os seres humanos vivimos intimamente ligados aos océanos pois son fonte directa de recursos e unha importante vía de comunicación.



A unión material e emocional co mar enriqueceunos culturalmente

A íntima unión da xente co mar reflíctese en múltiples manifestacións de diferentes culturas:

- Xeitos de vida, pesca, materiais e utensilios.
- Arquitectura: casas mariñas, edificios auxiliares de pesca, etc.
- Lingüística: vocabulario do mar, variantes locais.
- Tradición oral e festas populares.
- O mar é un lugar de descanso e lecer, fonte de inspiración e creatividade.

Coñece o mar para axudar a conservar os océanos



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA




para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA




**Deputación
DA CORUÑA**

A auga da Terra flúe entre diferentes “compartimentos” a través do ciclo da auga, que ten como motor a enerxía do Sol. Este é un ciclo esencial para a vida. Porén, a auga do planeta non é toda igual: eis que a auga do mar é salgada. E ademais, a súa salinidade xunto coa temperatura e a densidade son distintas en cada un dos mares.



O mar en calma é unha ilusión



A auga está en constante movemento

As correntes mariñas son o movemento de enormes masas de auga de mar por mor da rotación da Terra. Estas correntes son aproveitadas por moitos seres vivos nos seus desprazamentos, e desde antigo usámolas para a navegación e a procura de mellores lugares de pesca. As correntes mariñas conectan lugares distantes, polo que cumpren un papel fundamental como “corredores ecolóxicos” entre distintas zonas do planeta.



Outros movementos que inflúen na vida da costa

As ondas, que son producidas polo rozamento do vento sobre a superficie do mar, e as mareas, que causan a atracción da Lúa e o Sol sobre a Terra, son dous factores fundamentais que condicionan a forma de vida dos seres vivos do litoral.

Coñece o mar para axudar a conservar os océanos

Situada en pleno Atlántico Norte, con preto de 1.700 quilómetros de costa, Galicia asómase ao mar de xeito privilexiado nunha sucesión de areais, cantís, puntas, cabos, marismas, lagoas litorais e enseadas.




Galicia posúe unha costa única ancorada no medio do mar



Por que é tan produtivo o mar que nos rodea?

Correntes verticais de auga fría e profunda que afloran á superficie, teñen unha importancia decisiva: achegan unha gran cantidade de nutrientes e, como consecuencia, xeran unha explosión de vida e diversidade. Son os **afloramentos**, tan características das nosas rías.



Unhas rías únicas pola súa riqueza biolóxica

As rías son grandes entrantes de mar no continente que se orixinaron polos movementos de bloques da cortiza terrestre; isto deu lugar a grandes “vales fluviais” que logo foron asolagados polos océanos a medida que aumentaba o nivel do mar.

As rías galegas teñen unha elevada produtividade biolóxica, o que as converte en zonas dunha gran riqueza en recursos pesqueiros e marisqueiros.



Coñece o mar para axudar a conservar os océanos



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA



**Deputación
DA CORUÑA**

A íntima relación de Galicia co mar reflíctese tamén ao longo da nosa historia, onde a pesca e o marisqueo tiveron unha grande importancia económica e social.

Hoxe en día, Galicia segue a ser unha das rexións europeas onde máis peixe se consume por persoa.



Temos unha longa historia vencellada á pesca



Desde a prehistoria ata a actualidade, a pesca sempre foi importante en Galicia



A primeira evidencia do aproveitamento dos recursos pesqueiros en Galicia é o cuncheiro do Areoso, de hai máis de 4.000 anos.

Na alta Idade Media e ata o século XIV mellóranse as artes pesca e os métodos de conservación.

Desde o século XIV ata o XVII xorden as confrarías de **mareantes** e a pesca comeza a comercializarse internacionalmente.

Entre os séculos XVIII e XIX prodúcese a mellora das comunicacións e grandes innovacións que aumentan o esforzo pesqueiro.

A partir do século XX os barcos galegos van pescar a todos os mares do mundo.



As embarcacións tradicionais son un patrimonio rico e diverso que se recupera para uso recreativo

Até mediados do século pasado, existía nas costas galegas unha gran variedade de embarcacións tradicionais de pesca e cabotaxe, algunhas as coñecerás: lanchas, dornas, bucetas, gamelas, traíñas, galeóns...

Moitas delas estendíanse por case todas as nosas costas, mentres outras estaban restrinxidas a áreas moi específicas. A pesar da diversidade de formas, case todas elas tiñan a proa alta e pouco lanzada coas amuras non moi abertas para poder encargar ben o mar, polo que eran coñecidas como "embarcacións con peito de lobo e rabo de xarda". Tamén case todas arboraban vela de relinga.



Coñece o mar para axudar a conservar os océanos



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA



**Deputación
DA CORUÑA**

En Galicia péscase moito e moi variado

Algo máis da metade do peixe fresco de España descárgase en Galicia. Unhas 270 especies de peixes e mariscos, procedentes principalmente da pesca de baixura, chegan á cincuenta de lonxas que salpican o noso litoral. Ademais da pesca fresca, tamén son importantes as bateas de mexillón, nas que somos un dos primeiros produtores mundiais.



A pesca é a actividade produtiva
que mellor nos caracteriza en Europa



A frota galega pesca en todos os mares do mundo

Durante séculos, os audaces pescadores galegos aventuráronse máis alá das nosas costas en busca doutros caladoiros: Terranova e o Gran Sol son os máis coñecidos, pero hoxe en día as nosas embarcacións chegan a case todos os mares do mundo, incluídas as frías augas da Antártida. Porén, na nosa costa existen numerosos caladoiros onde a frota artesanal captura a pesca máis fresca ao día.



Coñece o mar para axudar a conservar os océanos



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA




para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA



**Deputación
DA CORUÑA**

Galicia conserva unha gran cantidade de manifestacións culturais e etnográficas vencelladas ao mar e preservadas ao longo das xeracións.

No mar case todo ten un nome, tanto o que está na superficie como o que está baixa dela, para poder guiarse con seguridade ou localizar os lugares de pesca: baixos, pedras, cons, praias, puntas, pasantías, illas...



Arredor do mar existe unha rica cultura popular e de tradicións

Arriscar a vida a diario fai que o mundo do mar tivese moitos ritos e tradicións. Algunhas antigas como a de “cambiar a tella” e outras máis modernas como a procesión marítima da Virxe do Carme.



Moitas sentenzas e refráns resumen o saber acumulado durante séculos.

*Chegado xaneiro, engúrranselle as barbas ao xeiteiro
Se a Curota ves tapar, vai a San Alberto a destellar*


Numerosas cantigas recollían aspectos da súa vida: inqedanzas, desexos, conflitos...

*Santo Cristo de Fisterra
Santo das barbas douradas
dáme o ventiño en popa
para montar a Touriñana*



Coñece o mar para axudar a conservar os océanos


O mundo da pesca e do mar de Galicia, atópalo en numerosas obras artísticas de autores galegos e mesmo de artistas de fóra do noso país.



O mar nutre as artes e expresións creativas

Xa desde os trobadores medievais Johán de Cangas, Martín Codax e Meendinho que deixaron verdadeiras xoias da literatura sobre o mar de Vigo, moitos escritores, como Avilés de Taramancos, Cabanillas, Xohana Torres ou Bernardino Graña, falan do mar; pero entre eles destaca Manuel Antonio, o poeta mariñeiro, que nos deixou algúns dos máis fermosos poemas sobre o mar no primeiro libro de poemas publicado sobre a navegación nas nosas ría.

Autores estranxeiros recollen nas súas obras feitos relacionados coa costa galega, entre eles Jules Verne.



SÓS

Fomos ficando sós
o Mar o barco e mais nós

Roubaron-nos o Sol
O paquebote emalado
que conía con liñas de fume
áxiles cadros sin marco

Roubaron-nos o vento
Aquí veleiro que se evadía
pol-a corda floxa d'o horizonte

Este océano desatracou d'as costas
e os ventos d'a Roseta
ourentaron-se ao espanto
As nosas soledades
veñen de tan lonxe

— 16 —



Urbano Lugrís deixou a súa obra en forma de murais en moitos bares e tabernas. Carlos Maside e Luís Seoane contan con ilustracións, gravados e pinturas que falan do mar e as súas xentes. Tamén Castelao deixou gravados e viñetas sobre as relacións sociais e as crises do sector.



A Rianxeira (Bos Aires, 1947)

música: Anxo Romero Lasso
letra: Xesús Fraciro Dourado (Pincínas)

On-di-las ve - ñen, on-di-las ve - ñen, on-di-las ve-ñen e van...

non te em bar-ques Ri an - xei - ra... que te vas a ma-re - ar...

As nosas cancións máis populares falan do mundo mariñeiro: *Unha barca de Marín*, *A Rianxeira* ou *Catro vellos mariñeiros* son algunhas das máis coñecidas.

E moitos grupos e solistas inclúen o mar nas letras das súas cancións: Mercedes Peón, Os Diplomáticos de Monte Alto, Os Resentidos, Luar na Lubre...



Coñece o mar para axudar a conservar os océanos



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA



**Deputación
DA CORUÑA**

O mar, desde os grandes océanos ata os pequenos mares interiores, está gravemente ameazado polas actividades humanas, como resultado dun modo de produción insustentable e un consumo desmedido.

E as consecuencias do principal problema ambiental do noso planeta, o cambio climático, tamén se reflicten sobre os océanos e a súa biodiversidade.



A nosa relación co mar

ameaza a súa conservación

O mar segue sendo o vertedoiro de lixo máis grande do mundo

Vertemos augas residuais e refugallos desde hai centos de anos procedentes de industrias, da agricultura intensiva, das poboacións costeiras ou do turismo flotante... e hoxe está ao límite.

O tráfico marítimo de petróleo, provoca constantes verteduras aos océanos, por accidentes ou malas prácticas, dando como resultado derrames de petróleo, algúns moi mediáticos, pero moitos outros non son detectados.



Moitos máis problemas ambientais ameazan os océanos

A maior parte dos caladoiros do mundo e dos bancos de peixes están sobreexplotados pola pesca intensiva.

A acuicultura industrial contribúe a sobreexplotar os bancos pesqueiros e contamina as augas con antibióticos.

O urbanismo salvaxe que ocupou a liña de costa pola presión inmobiliaria causa a destrución do noso litoral.

Especies procedentes doutros lugares convértense en invasoras e alteran os ecosistemas.

Levamos décadas tirando plástico que se converte en microplásticos que pasan á cadea trófica.

As novas formas de ocupar o mar (grandes plataformas petrolíferas, prospeccións mineiras e parques eólicos mariños) xeran novos problemas ambientais.



Coñece o mar para axudar a conservar os océanos



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA



**Deputación
DA CORUÑA**


Para axudar a conservar os mares e océanos existen diversas ferramentas que poden axudar a conseguilo sempre e cando os gobernos artellen políticas audaces e comprometidas.



Os países deben tomar medidas urxentes para conservar os océanos

A pesca responsable permite o mantemento das pescarías a longo prazo


Para poder manter os bancos pesqueiros en bo estado é precisa unha pesca responsable que empregue artes máis selectivas, acabe cos descartes e capturas accidentais, reduza o esforzo pesqueiro e respecte as talas, as vedas e as cotas.



As Reservas mariñas de interese pesqueiro son unha ferramenta para a xestión responsable dos recursos pesqueiros

No seu interior coexisten áreas con diferentes graos de protección, tendo en conta as súas características ecolóxicas e a súa importancia como áreas de desova e reprodución das especies máis importantes.

En Galicia temos dúas RMIP: os Miñarzos e Ría de Cedeira.



Os espazos naturais protexidos son piares para a conservación

A Rede Natura 2000 axuda a conservar a nosa costa pois limita as actividades humanas que son incompatibles coa conservación.

En Galicia contamos con case 35.000 ha de augas litorais protexidas ás que se engaden os 5 espazos exclusivamente mariños para a protección das aves mariñas.

Ordenar o litoral e velar por un mar limpo para as xeracións futuras

Regular e controlar todas as actividades e actuacións humanas que inflúen sobre o noso litoral e os océanos é unha labor imprescindible que os gobernos deben acometer para conservar os océanos para as futuras xeracións.

Coñece o mar para axudar a conservar os océanos



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA



**Deputación
DA CORUÑA**

Os problemas ambientais que afectan aos océanos son tantos e tan variados que parecen inabarcables, pero se comezamos con pequenas accións na nosa vida cotiá, entre tod@s sumaremos moito!



Ti tamén podes axudar a conservar os océanos

Podes unirte ou apoiar proxectos de divulgación e conservación ambiental. Calquera persoa pode facelo.

Colabora coas organizacións sociais e ambientais máis próximas: a xente unida pode axudar a conservar os nosos océanos.

Participa en iniciativas impulsadas por institucións e sociedade civil, como a Iniciativa por unha Cultura Oceánica, que reconece a unión que a humanidade ten co mar e axuda a mitigar as consecuencias do noso impacto na vida e dinámica dos océanos.

Xestiona correctamente os teus residuos, practica un ocio sen impacto a únete ás medidas para frear o cambio climático.

Apoia as áreas mariñas protexidas xa que axudan ao uso sustentable dos recursos mariños. Esixe a súa creación e colabora coa súa adecuada xestión.

Axuda a recuperar animais mariños feridos: se atopas algún, debes contactar co centro de recuperación de fauna da túa provincia ou co 112.

Podes ser máis consciente de como consumes a diario, apostando por un consumo máis responsable e sostible.



Coñece o mar para axudar a conservar os océanos



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



para unha
TRANSICIÓN ECOLÓXICA



**Deputación
DA CORUÑA**